

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 26 DE NOVEMBRO DE 2015

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día vinte e seis de novembro de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. José Manuel Cancela Cancela

Non asiste:

D. Amadeo Cancela Fariña

Secretaria:

D^a. Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. LECTURA E APROBACION DA ACTA ANTERIOR.-
2. ESCRITOS OFICIAIS.-
3. ESCRITOS VECIÑOS.-
4. SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL.-
5. CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.-
6. SOLICITUDE DA CONVOCATORIA DOS PROGRAMAS DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA O ANO 2016.-
7. APROBACION DE FACTURAS.-
8. APROBACION DA PROPOSTA PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCION A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA 'DESENVOLVEMENTO POLÍTICAS DE IGUALDADE 2016'.-
9. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.-
10. APROBACION DE PRESUPOSTOS PRESENTADOS POLO SISTEMA DE SEGURIDADE A1,S.L.
11. INFORMACIÓNS DA ALCALDIA.-
12. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.-

Acordos adoptados:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.

2. ESCRITOS OFICIAIS.-

1. Recíbese escrito de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, comunicando un vertedoiro incontrolado situado no lugar de

"Muiño de Xan" parroquia de Portociños, que se corresponde coa parcela 935 do polígono 502.

Acordos adoptados:

- A Xunta de Goberno Local dase por enterada
- Adoptar as medidas pertinentes para evitar que dito lugar se convirta nun punto habitual de depósito de vertidos incontrolados.

2. Recíbese escrito da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio comunicando a autorización da obra "mellara de espazo ambiental na Rega (Cabaleiros), datado en marzo de 2015, na parcela nº 198 do polígono nº 28, na zona de policía do regato de A Braña, no lugar de A Rega, parroquia de Cabaleiros, que se deberán axustar ao disposto pola Lei de augas e o Regulamento do dominio público hidráulico.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

3. Recíbese escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, comunicando as instrucións relativas ao Sistema de Información de Augas de Consumo.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

4. Recíbese escrito da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Augas de Galicia, achegando anuncio da solicitude de concesión dun caudal procedente dunha captación subterránea, na parroquia de Gorgullos (Santaia), no concello de Tordoia (A Coruña), con destino ao uso doméstico, gandeiro e á rega.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

5. Recíbese escrito da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Augas de Galicia, solicitando documentación en relación a solicitude de autorización de obras para a implantación de plans de emerxencia de presas en Portodemouros, Vilagudín e San Cosmade, nos concellos de Arzúa, Ordes, Cerceda e Tordoia. Sendo o solicitante Gas Natural Fenosa Ingeniería y Desarrollo de Generación, S.L..

Acordos adoptados:

Enviar a documentación solicitada.

3. ESCRITOS VECIÑOS.-

1.- Recíbese escrito da Asociación Cultural e festexos de Santa Eulalia de Gorgullos, solicitando unha axuda anual para sufragar os gastos ocasionados palas diversas festas parroquias.

Acordos adoptados:

Concederlle dita axuda.

2.-Recíbese escrito de Dona XXXXXXXXXXXXXXX, comunicando que o seu fillo que é usuario do Punto de Atención a Infancia vai coller as vacacións nas seguintes datas: 23-27 de novembro de 2015. Visto.

3.-Recíbese escrito de don XXXXXXXXXXXXX e domicilio na parroquia de Castenda, solicitando que se comprobe varias obras que se realizaron por parte dun veciño sen licenza.

Acordos adoptados:

Dar audiencia.

4. SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL.-

Acordos adoptados:

Proceda á devolución da garantía definitiva da obra "liquidación en periodo voluntario do ICIO do parque eólico en Monte Castelo" dacordo co establecido na Lei.

5. CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.-

Acordos adoptados:

Aprobar a certificación nº 1 e final da obra Camiño na Estrada de Anxeriz a camiño a Rebordeiros e outros, por importe de 33.810,82 euros, estando pendente a acta de recepción da obra, polo que queda supeditada ao seu informe favorable para o seu pagamento.

6. SOLICITUDE DA CONVOCATORIA DOS PROGRAMAS DE SUBVENCIONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA O ANO 2016.-

Acordos adoptados:

1.Solicitar as seguintes axudas á Deputación Provincial da Coruña:

PROGRAMA	PROXECTO	IMPORTE PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO
F0036A-ENVELLECIMIENTO ACTIVO	EN FORMA 2016	9.128,57 €	3.000,00 €
FOIOOB- POLITICAS IGUALDADE	VERAN LÚDICO-EDUCATIVO 2016	8.485,75 €	5.500,00 €
FOAXCA-DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	MANTEMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA	54.802,05 €	25.000,00 €
F0201 ACTIVIDADES DE CULTURA	ACTIVIDADES CUL TURAIS 2016	20.500,00 €	20.500,00 €
F0206 ANIMADORES CULTURAIS	ANIMADORA CULTURAL 2016	41.306,26 €	10.000,00 €
FO101/2016 ACTIVIDADES DE DEPORTES	ESCOLAS E TORNEOS DEPORTIVOS	21.600,00 €	21.600,00 €
F0106 PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO	TÉCNICA DEPORTIVA 2016	18.503,88 €	10.000,00 €
FOAYAA/2016 PROMOCIÓN ECONÓMICA ACTIVIDADE	PROMOCIÓN DO EMPREGO	7.500,00 €	7.500,00 €
DP0007 TURISMO ACTIVIDADE	VIDEO PROMOCIAL TORDOIA	6.500,00 €	6.500,00 €

7. APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

Aprobar a factura de HECTOR BALEATO LIÑARES número de factura 5/2015 do 27-10-2015 por un importe de 3.242,80€ por varios traballos de limpeza e desbroce de fincas deste concello, que previamente foi informada favorablemente por Intervención.

8. APROBACION DA PROPOSTA PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCION A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA 'DESENVOLVEMENTO POLÍTICAS DE IGUALDADE 2016.-

Acordos adoptados:

Aprobar a modificación do prezo da actividade:

- 30,00€/quincena para os menores empadronados no Concello de Tordoia
- 50,00€/quincena para os menores non empadronados no Concello de Tordoia
- Un desconto dun 15% no caso de irmáns participantes ou familias pertencentes a familias numerosas.

9. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.-

Acordos adoptados:

1.Aprobar a contratación e/ou prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL).

2.O cálculo da subvención que se solicita, que o convenio colectivo de aplicación aos/ás AEDL polos que se solicita a subvención é o seguinte CONCELLO SEN CONVENIO COLECTIVO, e que conforme a este salario que se lle aboará aos/ás traballadores/as é, en importe mensual, o da seguinte táboa):

Titulación	Salario Bruto mensual	Grupo cotización	CNAE 2009 Ocupación	Cotización empresarial	Total Salario+SS mensual	Custo Bruto anual	Subvención solicitada
Lic. CC Empresariais	2.651,25€	1	8411A	860,66	3511,91€	42.142,92	10.535,73

10. APROBACION DE PRESUPOSTOS PRESENTADOS POLO SISTEMA DE SEGURIDADE A1,S.L.

Acordos adoptados:

1.Aceptar o estudio-presuposto correspondente a Instalación da alarma, mantemento e conexión central receptora da empresa Seguridade AI ,S.L., seguintes:

Presuposto	Edificio Municipal	Importe
A/53,415	Casa do Concello	2.392,34€
A/53,407	Centro de atención á infancia	1.107,15€
C/3,097	Casa do Concello	545,89€

11. INFORMACIÓN DA ALCALDIA.-

O señor alcalde informa do escrito que se lle enviou a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o 26.11.2015 que literamente di como sigue:

PROXECTO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS DAS PARROQUIAS DE VILADOABADE, ANDOIO E CIMA DE BARDAOS

- 1) O 6 de febreiro de 2007, o Pleno deste Concello aprobou un proxecto de abastecemento a estes lugares por un importe de 963.206€, solicitando á Consellería de Medio Ambiente a execución destas obras.
- 2) Posteriormente, por parte de Augas de Galicia procedeuse á modificación e actualización deste proxecto, dividindo en dúas fases.
- 3) Foron diversas as entrevistas mantidas por esta alcaldía, tanto con Augas de Galicia como coa Consellería, sen que a día de hoxe fora atendida esta demanda.
- 4) Cada día é máis necesario este abastecemento domiciliario por así demandalo os veciños destas parroquias, obra que non pode ser atendida polo Concello polo seu elevado custo.
- 5) Solicito desa Consellería que coa urxencia que o caso require e tamén, polo tempo transcorrido desde a súa solicitude, se executen estas obras dentro dos presupostos do 2016, e en todo caso se fraccione e se inclúa unha primeira fase.

12. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.